


1 BUDIÑORAI SANTIAGUÑO 2023



INSCRIBETE EN TRACKTHERACE!!

CARREIRA ORIENTACIÓN COMPETICIÓN OFICIAL
FEGADO (BTT+KAYAK+TREKKING)



BTT

Saída ás 15:00h Élite e Aventura dende Pazo de Mos

**Saída ás 15:00h Orientaraid (iniciación)
Alameda Redondela**

Meta Pazo de MOS

KAYAK



TREKKING

COLABORAN



Bar Casa VEIGA



CONTIDO:

1.	DESCRICIÓN DA PROBA.....	3
2.	DISCIPLINAS.....	5
3.	HORARIOS.....	6
4.	A ZONA DE COMPETICIÓN.....	8
5.	CATEGORÍAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN.....	10
6.	DISTANCIA, SECCIÓNS e DURACIÓN.....	12
7.	INSCRICIÓN, PRAZOS E PREZOS.....	16
8.	REGULAMENTO.....	18
9.	CLASIFICACIÓN E PREMIOS.....	21
10.	ORGANIZACIÓN e CONTACTO.....	22

BOLETÍN 3

1. DESCRICIÓN DA PROBA

Un **raid de orientación** é unha "Competición multidisciplinar destinada a probar a capacidade de resistencia, de navegación e de supervivencia de equipos en completa autonomía. Os equipos deben completar un extenso percorrido no menor tempo posible, superando as dificultades naturais que atopen o seu paso utilizando exclusivamente as súas forzas, sen recibir axuda externa nin valerse de medios motorizados" (FEGADO).

Multidisciplinar porque ó longo do percorrido combínanse varias disciplinas deportivas de resistencia como son a Bicicleta de Montaña ou BTT, a carreira a Pé por Montaña ou Trekking, o Kaiak, o Ráfting, a natación, etc... intercalando ademais probas especiais puntuais como poden ser a Escalada, o Rappel, a Tirolina, probas de Cordas, de Tiro, etc...

De resistencia porque soen ser de longa duración e de distancias largas, transcorrendo por lugares con importantes desniveis.

Con **navegación** xa que o contrario de outras disciplinas de montaña en este tipo de probas o percorrido a realizar non se atopa sinalizado "in situ" no terreo se non que este o decide, segundo a **estratexia** elixida, cada equipo coa única axuda dos **mapas** facilitados pola organización no momento da saída e un compás .

De **estratexia** xa que para a clasificación final non só conta o tempo empregado en realizar o percorrido, se non que en primeiro lugar valóranse os puntos conseguidos na visita os puntos de control (Cp's) visitados polos equipos.

Os terreos nos que se desenvolven este tipo de probas soen ser en plena natureza, discorrendo sempre polos lugares máis emblemáticos das zonas delimitadas polos mapas, e sempre respectando os ecosistemas das áreas polas que se circula.

O **BUDIÑORAI D SANTIAGUIÑO** vai ser a 2ª proba da Liga Galega de Raids de Orientación 2023, e vai a discorrer polos concellos de Mos, Redondela e Pazos de Borbén.

Un raid de longa duración xa que este ano vai ter un percorrido duns 90 kms. De distancia repartidos en 1 Etapa que inclúe 6 sectores en total, para un tempo máximo de carreira de 8h e media.

Dende a organización esperamos que todos os amantes deste deporte de Aventura, dende os mais experimentados competidores na liga autonómica, así como os mais novatos e inexpertos xa que imos a contar tamén con unha categoría de iniciación, vos acheguedes a desfrutar con nós do evento para participar de unha experiencia inesquecible en un entorno natural de gran beleza paisaxística e de gran riqueza cultural e patrimonial.

2. DISCIPLINAS

O **BUDIÑORAI D SANTIAGUIÑO** contará coas seguintes disciplinas:

- Trekking.
- BTT.
- Kaiak.

3. HORARIOS:

1º BUDIÑORAID SANTIAGUÑO 2023

DÍA	HORA	LUGAR	EVENTO
MARTES 25/04	22.00		Peche Inscricións
MÉRCORES 26/04	22.00	www.fegado.es	Lista Equipos Inscritos
XOVES 27/04	22.00	www.fegado.es	Publicación Raid Books e Prebreafing
VENRES 28/04	20.00 - 22.00	PAVILLON PATRICIA MARTINEZ	Entrega de Dorsais e Apertura de Chan duro
SÁBADO 29/04	13:00- 14:00	Pazo de Mos	Apertura de Boxes, entrega de dorsais e recepción de equipos Categorías 3.0 e 2+1
	14:15- 14:30		Charla Técnica previa Categorías 3.0 e 2+1
	14:45		Entrega de Mapas Categorías 3.0 e 2+1
	15:00		SAÍDA RAID cats. 3.0 e 2+1
SÁBADO 29/04	13:00- 14:00	Alameda de Redondela	Apertura de Boxes, entrega de dorsais e recepción de equipos Orienta-Raid
	14:15- 14:30		Charla técnica previa Categoría Orienta-Raid
	14:45		Entrega de mapas cat. Orienta - Raid
	15:00		SAIDA RAID Categoría Orienta-Raid
SÁBADO 29/04	23:30	Pazo de Mos	META Categorías 3.0 e 2+1
SÁBADO 29/04	21:00	Pazo de Mos	META Orientaraid
SÁBADO 29/04	00:00	Pazo de Mos	Entrega de trofeos

4. A ZONA DE COMPETICIÓN

O BUDIÑORAID SANTIAGUIÑO vai discorrer polos concellos de Mos, Redondela e Pazos de Borbén, e terá como lugar de saída o Pazo de Mos para as categorías 3.0 e 2.1 e a Alameda de Redondela para Orientaraid. A meta estará no Pazo de Mos.


A secretaria do Venres, o chan duro e as duchas estarán ubicadas no pavillón **PATRICIA MARTINEZ** <https://goo.gl/maps/WR2fLfCoHw92KXoX8>. A secretaria estará aberta o Venres 28 de 20:00 a 22:00h para tódalas categorías. O chan duro estará aberto a partir das 20h do venres. Agradeceríamos a os interesados en facer uso do chan duro que o comuniquen a organización para estar pendente deles.

Se facilitará aparcamento nas inmediacións do Pazo de Mos para categorías Élite e Aventura.




Para categoría OrientaRaid se facilitará boxes na Alamedada Castelaon na seguinte ubicación <https://goo.gl/maps/XjgfwzowFJBQ4nYrQA>

Recoméndase o aparcadoiro público da Alameda Castelao sinalado no mapa en cor amarela. Os boxes corresponden á cor violeta.



Dende o día de publicación deste boletín, queda terminantemente prohibido adestrar nas seguintes zonas por onde vai a discorrer o BUDIÑORAI D SANTIAGUIÑO. Todo equipo no que compita un corredor do que se teña constancia de que estivo adestrando na zona indicada a continuación, será descualificado



5. CATEGORÍAS, FORMATOS DE EQUIPO E PARTICIPACIÓN

A Proba vai incluír as seguintes categorías de competición baixo os seguintes formatos de equipo:

- RAID-O 3.0: Categoría Oficial con formato 3 compoñentes. 3 compoñentes sempre en competición. Non se poderá relevar ós 3 compoñentes en carreira en ningún momento da proba. Non poderán ter asistencia durante toda a carreira. Poderán deixar unha caixa nos boxes de Redondela con o que necesiten e palas propias para o kiais a partir das 12:30 na seguinte ubicación: <https://goo.gl/maps/XjgfzowFJBQ4nYrQA> . Será obrigatorio ter 18 anos cumpridos
- RAID-O 2+1: Categoría Oficial con formato 2+1 reserva - asistencia, 2 compoñentes sempre en competición e un posible reserva – asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto. A organización non ofrecerá asistencia. No caso de que os equipos non tiveran asistencia (ou relevo), poderán deixar unha caixa nos boxes de Redondela con o que necesiten a partir das 12:30. Ademais, todos os equipos poderán deixar palas propias para o kiais nos boxes de Redondela a partir das 12:30 na seguinte ubicación: <https://goo.gl/maps/XjgfzowFJBQ4nYrQA> . Será obrigatorio ter 18 anos cumpridos
- ORIENTA-RAID: Categoría de Iniciación con formato 2 + 4 reservas-asistencia, 2 compoñentes mínimo e 5 máximo en competición. Os posibles reservas-asistencias poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición

indicados a tal efecto. A organización non ofrecerá asistencia. No caso de que os equipos non tiveran asistencia (ou relevo), Poderán participar menores de idade que teñan (ou cumpran no 2023) 15 sempre que tecnifiquen e ca autorización do seleccionador da Fegado ademáis da autorización do (pai/nai/tutor legal) e 16 ou 17 anos, sempre debidamente autorizados (pai/nai/tutor legal) e acompañados durante todas as seccions do percorrido por polo menos un maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de Orientación.

Para poder participar no BUDIÑORAIID SANTIAGUIÑO, deben estar en posesión da licenza de Raids da FEDO, ben na súa versión anual, ou ben tramitando a licenza dun día.

Durante a carreira o trafico estará aberto polo que se deben respetar as normas de circulación. Estar participando no raid non outorga ningunha prioridade.

6. DISTANCIA, SECCIÓNS E DURACIÓN

O BUDIÑORAI D SANTIAGUIÑO vai a disputarse en 1 única Etapa, sobre as seguintes distancias, repartidas nos seguintes sectores:

Categoría 3.0:

SECTOR	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	MELLOR TEMPO estimado
BTT	16 Km.	150 m.	1 h
O-PE	2 Km.	50 m.	0,15 h
BTT+ KAIKAK	7 Km.		1,15 h
TREKKING	19 Km.	800 m.	2,30 h
BTT	40 Km.	1.200 m.	3,30 h
TREKKING	6 Km.	150 m.	1 h
TOTAL	90 Km.	2.350 m.	9,30 h

Categoría 2+1:


SECTOR	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	MELLOR TEMPO estimado
BTT	16 Km.	150 m.	1 h
TREKKING	19 Km.	800 m.	2,30 h
BTT + KAIKAK	7 Km.		1,15 h
O-PE	2 Km.	50 m.	0,15 h
BTT	40 Km.	1.200 m.	3,30 h
TREKKING	6 Km.	150 m.	1 h
TOTAL	90 Km.	2.350 m.	9,30 h

Categoría Orienta- Raid:


SECTOR	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	MELLOR TEMPO estimado
BTT + KAIK	3,5 Km.		0,45 h
O-PE	2 Km.	50 m.	0,15 h
TREKKING	19 Km.	800 m.	2,45 h
BTT	16 Km.	150m.	1,15 h
TREKKING	6 Km.	150 m.	1 h
TOTAL	46,5 Km.	1.150 m.	6 h

HAI TROCOS IMPORTANTES NOS ESQUEMAS DE CARREIRA EN RELACIÓN COS ANTERIORES BOLETÍNS!


Esquema de carreira 3.0



Esquema de carreira 2.1



Esquema de carreira ORIENTARAID



RAID DE ESTRATEXIA

O BUDIÑORAID SANTIAGUIÑO vai ser un raid de Estratexia. Non todos os equipos que van participar van ser quen de completar a totalidade das distancias que se acaban de indicar na táboa anterior para cada sector, no tempo efectivo total de carreira.

Para non chegar fora de control vai haber pois que empregar a estratexia, xa que haberá que deixar de visitar algúns puntos de control, incluso dende os primeiros sectores xa.

Debido a importante variedade de tipos de terreo polos que vai discorrer a proba, o que vai facer que a dificultade física e técnica para acadar cada punto de control sexa diferente en cada un deles, no Budiñoraid deste ano cada punto de control vai a ter unha puntuación diferente.

Recordade que a clasificación xeral final vai a ter en conta en primeiro lugar a puntuación total obtida polo que ten unha enorme importancia facer unha boa estratexia á hora de elixir que puntos de control visitar e cales descartar en función da puntuación de estes.

7. INSCRICIÓN, PRAZOS E PREZOS

As inscricións para esta proba estarán abertas ata o Martes 25 de Abril de 2023 ás 22.00 h., e serán as seguintes:

- **3.0:** O prezo da inscrición por equipo será de **66€** ata o **Martes 18 de Abril as 22:00** horas e de **75€** dende o 18 de Abril as 22:00h ata as **22:00 h. do Martes 25 de Abril.**
- **2+1:** O prezo da inscrición por equipo será de **66€** ata o **Martes 18 de Abril as 22:00** horas e de **75€** dende o 18 de Abril as 22:00h ata as **22:00 h. do Martes 25 de Abril.**
- **ORIENTA-RAID:** O prezo da inscrición por equipo será de **30€ + 10€/persoa** ata o **Martes 18 de Abril as 22:00** horas e de **40€ + 10€/persoa** dende o 18 de Abril as 22:00h ata as **22:00 h. do Martes 25 de Abril.**

Para todas as categorías os membros do equipo que non teñan licenza anual de Raid terán que tramitar a licenza de proba cun custe adicional de 3€ por persoa.

Cada compoñente dos equipos 3.0 e 2+1 e un dos compoñentes da categoría Orienta-Raid, precisarán obrigatoriamente dunha tarxeta Sport-Ident para o control das picadas, Sendo validas as pinzas SI-10, SI-11 ou SIAC.

Se non se dispón da mesma a organización procederá a alugarlle unha cun custe adicional de 3€ por persoa (a perda ou rotura da mesma suporá o pago de 45€).

As inscricións faranse obrigatoriamente a través da plataforma TrackTheRace.

Estas cotas de inscrición que se veñen de indicar inclúen os seguintes servizos durante a proba:

- **2 Dorsales** por corredor (mochila e btt).
- **2 Xogos de Mapas de Carreira** impermeables por equipo.
- **1 Pulseira Inviolable** por corredor para a suxeición das tarxetas SI
- Aluguer de **1 Kaiak, 2 chalecos salvavidas e 2 pás** para a sección de kaiak.
- Servizo de **Ambulancia** durante a proba.
- **1 Trofeo** para os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría oficial.

8. REGULAMENTO

O ser o BUDIÑORAID SANTIAGUIÑO unha das probas puntuables para da liga Galega de Raids de Orientación 2023, este estará suxeito tanto o Regulamento de raids 2023 da FEGADO, o cal se pode consultar no seguinte enlace:

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/99c/6401415faf-regulamento-fegado-raid-2023_v1-cast..pdf

Así como ás **Normas Anuais de Raid 2023 da FEGADO**, que tamén se poder ver no enlace posto a continuación:

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/80f/640141e22f-normas-anuais-fegado-raid-2023_v1-gal..pdf

Protocolo Covid

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/90a/6214d90774-actualizacion-protocolo-fisicovid-fegado_act-feb2022.pdf

Destacamos que:

As estradas e zoas prohibidas estarán sinaladas nos mapas de carreira con un sombreado Magenta

Un Sector Score é aquel no que os PC's (puntos de control) existentes no mesmo poden ser visitados na orde que decidamos e un Sector Liñal é aquel no que os PC's teñen que ser visitados obrigatoriamente na orde establecida

Os membros do equipo, mentres estén en competición, deberán manterse xuntos en todo momento, podendo mediar entre eles unha distancia máxima de 20 metros.

Durante o proceso de inscrición ou antes da data de pechen das mesmas, todos e cada un dos participantes no BudiñoRAID 2023 deben remitirle ó mail da organización a Declaración Responsable de Participación.

MATERIAL OBRIGADO E PROHIBIDO

1_ Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira.

- **Compás** (brújula)
- **GPS** (aportado pola organización)
- **Teléfono Móbil** con batería, apagado.
- **Botiquín de Emerxencia** con cando menos:
Esparadrapo (2,5m.), Venda (2,5m.), Compresas ou apósitos (5 ud), Antiséptico (50 ml.), Analxésicos (5 udes), Desinflamatorios (5udes.)
- **Kit de Ferramentas para BTT** (Nos sectores de BTT)

2_ Material Obrigatorio por Corredor sempre en carreira.

- **Silbato**, e coñecer o código morse de S.O.S (...---...)
- **Manta Térmica.**
- **Camiseta Térmica manga longa ou corta ventos.**
- **Mochila**
- **Recipiente para bebida** (mínimo 1 l)
- **Frontal e chaleco reflectante**
- **Pinza SI (Mínimo S9) Unha por corredor, excepto orientaraid, propia ou de aluguer. Sempre ca pulsera.**
- **Ración Enerxética** (minimo 200 gr.)

3_ Material Obrigatorio por Equipo no sector de kaiak.

- **Kaiak** (uso obrigado do kaiak aportado pola organización)
- **Pas Kaiak** (aportadas pola organización ou propias)
- **Portamapas estanco**
- **Chaleco Kaiak** (uso obrigado do aportado pola organización)

4_ Material Obrigatorio por Corredor nos sectores de BTT.

- **BTT**
- **Casco BTT**
- **Luz dianteira e vermella traseira para BTT**
- **Reposto para picadas**

5_ Material Aconsellable.

- **Guantes** (para BTT)
- **Corta ventos** (dependendo do clima o día da proba)
- **Chuvasqueiro** (dependendo do clima o día da proba/kaiak)
- **Braga de colo** (dependendo do clima o día da proba)
- **Polainas** (vexetacións silvícola nesta época)
- **Manguitos** (vexetacións silvícola nesta época)
- **Porta - mapas BTT**

6_ Material Prohibido.

- **Calquera dispositivo GPS con cartas de navegación.**
- **Calquera equipo de comunicación** (teléfonos móbiles, radios, walkie talkie)

9. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Neste raid existirá unha clasificación independente para cada unha das seguintes categorías:

- 1) **RAID-O 3.0**
- 2) **RAID-O 2+1**
- 3) **ORIENTA-RAID**

Os equipos clasificaranse por orde atendendo os seguintes criterios:

1º Á Suma Total dos puntos obtidos nos controis visitados (cada punto de control terá un valor diferente en función da dificultade física e técnica para a súa obtención)

2º Ó Tempo Total invertido no raid para a obtención destes puntos.

10. ORGANIZACIÓN E CONTACTO

Este evento está organizado polo Santiaguíño Guizán C.D. e polo BudiñoRAID, a sección de Orientación da Asociación Deportiva A FORNA de Budiño.

Co fin de expoñer toda a información, así como escoitar e tratar de clarexar calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- a) **E-mail:** budinhoraid@gmail.com
- b) **Páxina en Facebook:**
[https://www.facebook.com/BUDI
%C3%91ORAIID_TerrasdoLouro-
1626057347608405/?ref=bookmarks](https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAIID_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks)
- c) **WEB da Fegado:** <http://www.fegado.es>
Director de carreira: Joaquín David Campo
Director técnico e trazado: Maikel Rodríguez
Xuíz controlador: Sonia Gómez Naya
Técnico Cronometraxe: Javier Rodríguez
Xefe de seguridade: Jose Cabaleiro

Responsable Fisio-Covid: Diego Domínguez

COLABORADORES

Na organización do BUDIÑORAID SANTIAGUIÑO, Xunto cos clubs organizadores, colaboran as seguintes Administracións

